

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL
E MARIÑO

6238 *Corrección de erros do Real decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación.*

Advertidos erros no Real decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 25, do 29 de xaneiro de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 7, na disposición transitoria única, número 1, penúltima liña, onde di: «... como moi tarde 12 meses despois da dita data.», debe dicir: «... como moi tarde 12 meses despois da entrada en vigor deste real decreto.».

Na páxina 8, na disposición derogatoria única, número 1, na segunda liña do segundo parágrafo, onde di: «... instalacións consideradas no artigo 5.3 e poderase usar...», debe dicir: «... instalacións non consideradas no artigo 5.1 e poderase usar...».

Na páxina 10, no anexo, actividade de REFINACIÓN DE PETRÓLEO, terceira liña, onde di: «Caldeiras de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt(1)», debe dicir: «Caldeiras de P.t.n. < 50 MWt e > 20 MWt».

Na páxina 18, no anexo, actividade de MINARÍA NON ENERXÉTICA E PROCESOS EN INDUSTRIAS VARIAS. INDUSTRIA DO PAPEL, CARTÓN E PASTA DE PAPEL, na última liña, onde di: «a.e.a., (c.p. > 20 t/día), (excluída fabricación de cal)», debe dicir: «a.e.a., (c.p. <= 20 t/día), (excluída fabricación de cal)».

Na páxina 19, no anexo, actividade de INDUSTRIA ALIMENTARIA, nas tres últimas liñas, onde di: «con c.p. >= 400 t/ano», debe dicir: «con c.p. >= 3.000 t/ano»; onde di: «a.e.a., con c.p. < 400 t/ano e <= 100 t/ano», debe dicir: «a.e.a., con c.p. < 3.000 t/ano e >= 400 t/ano»; e onde di: «a.e.a., con c.p. < 100 t/ano», debe dicir: «a.e.a., con c.p. < 400 t/ano».

Na páxina 27, no anexo, actividade de GANDARÍA(4) (FERMENTACIÓN ENTÉRICA), sexta liña, onde di: «a.e.a., con capacidade < 50 cabezas», debe dicir: «a.e.a., con capacidade < 60 cabezas». A seguir, na novena liña, onde di: «a.e.a., con capacidade < 50 ovellas», debe dicir: «a.e.a., con capacidade < 330 ovellas».

Na páxina 28, no anexo, actividade GANDARÍA (XESTIÓN(4) DE ESTERCO), na sexta liña, onde di: «a.e.a., con capacidade < 50 cabezas», debe dicir: «a.e.a., con capacidade < 60 cabezas»; a seguir, na liña décimo quinta, onde di: «a.e.a., con capacidade < 50 ovellas», debe dicir: «a.e.a., con capacidade < 330 ovellas».

Na páxina 29, no anexo, na nota (3), sétima liña, onde di: «...ou as frases de risco R40, R45, R46, R49, R60 ou R61...», debe dicir: «... ou as frases de risco R40, R45, R46, R49, R60, R61 ou R68 ...».